



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN OPERARIO PARA O GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL DE PONTECESO EN SUBSTITUCIÓN DE ANTONIO BARCA LOPEZ. EXPTE. NÚM. 2026/X998/000002

EXPEDIENTE: 2026/G003/000039

ANTECEDENTES:

Con data do **23-12-2025**, o coordinador de Seguridade, Emerxencias, Protección Civil e do Grupo de Emerxencias Supramunicipal do Concello de Ponteceso emite informe, con rexistro de entrada núm. 202599900002199, sobre a necesidade de contratación dun traballador do GES debido á declaración na situación administrativa de suspensión de emprego e soldo de D. Antonio Barca López, co fin de garantir a continuidade do servizo e evitar que este posto quede descuberto.

Na data do **08-01-2026** dítase a providencia de Alcaldía que dispón:

“Primeiro: Que por medio da vixente bolsa de emprego do persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES), aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 514/2023 do 13 de xuño de 2023, actualizada pola 732/2023, do 6 de setembro de 2023, sendo a última actualización a realizada pola resolución núm. 540/2025, do 1 de xullo de 2025, se proceda ao chamamento dos candidatos da bolsa, pola orde de prelación establecida na mesma, para a cobertura por substitución da persoa traballadora **D. Antonio Barca López**, en suspensión de emprego e soldo, acordada pola resolución núm. 997/2025 do 20-12-2025, ata a momento no que se provexa en propiedade a praza do GES incluída na oferta de emprego público do ano 2025 e se aprobe unha nova bolsa resultante deste proceso selectivo, a cal extinguirá a bolsa existente e porá fin a este contrato laboral.

Segundo: Que pola técnica de Emprego Local se emita o correspondente informe e se eleve a esta Alcaldía a proposta de contratación.

Terceiro: Que pola Intervención Municipal se proceda á retención de crédito necesaria para a contratación referida”

Na data do **16-01-2026** a técnica de Emprego Local, tras realizar os chamamentos en base á bolsa actualmente vixente de persoal do GES, emite informe no que fai a seguinte proposta de contratación:

“Logo de realizar os chamamentos por orde de prelación e comprobar a situación das persoas candidatas (aceptación, suspensión, traballando ou rexeitamento) e presentación da aceptación por parte da persoa candidata Roque Castro Souto, en base ao anteriormente descrito,

PROPONSE:

1º. A contratación de don Roque Castro Souto para o posto de “persoal do Grupo de Emerxencias



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Supramunicipal (GES)", xa que presentou o 14 de xaneiro de 2026 polo Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR) dende o Rexistro Xeral do Concello da Coruña con número: 202590000000454 a aceptación de chamamento ao posto e a documentación requirida para realizar a contratación para o posto indicado e logo de comprobar que dita documentación reúne os requisitos esixidos segundo o establecido na resolución que regula a creación e funcionamento da bolsa de "persoal do GES". A contratación estenderase dende a data de sinatura do contrato ata o momento no que se provexa en propiedade a praza do GES incluída na oferta de emprego público do ano 2025 e se aprobe unha nova bolsa resultante deste proceso selectivo, a cal extinguirá a bolsa existente e porá fin a este contrato laboral.

2º. *Non se realizou o chamamento a José Manuel Rodríguez Martínez por atoparse na actualidade prestando servizo no Concello de Ponteceso.*

3º. *Non se realizou o chamamento das persoas seguintes a Roque Castro Souto na orde de prelación da bolsa de emprego ao manifestar este a aceptación ao chamamento"*

Con data do **15-01-2026** o candidato que aceptou o chamamento, Roque Castro Souto, presenta a documentación requirida, entre a que se atopa o certificado de médico (R.E. núm. 202690000000063)

Con data do **21-01-2026** emítese informe de fiscalización previa pola interventora municipal, en sentido favorable (Ref: MGM.21.01.26.1.Expte: 2026/X998/000002)

Polo exposto, e consonte ao art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO

Primeiro: Actualizar a bolsa de emprego da categoría de persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Ponteceso, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 514/2023 do 13-06-2023, quedando integrada polas seguintes persoas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI
1	RODRIGUEZ MARTINEZ JOSE MANUEL	***7010**
2	LEYVA IGLESIAS MANUEL	***1207**
3	ROMERO BARRO ALEJANDRO	***9986**
4	ORDÓÑEZ POSE MARTÍN	***3142**
5	VIDAL SÁNCHEZ PEDRO	***2778**
6	FERNANDEZ MEDIN MANUEL ANTONIO	***0274**
7	NAVA HERREROS SERGIO	***5607**
8	FRANCO PEREZ JAVIER	***7185**
9	GONZÁLEZ GÓMEZ IAGO	***4573**
10	CASTRO SOUTO ROQUE	***0691**
11	GONZÁLEZ FERNÁNDEZ CARLOS	***9784**
12	DANS PASQUA FABIO	***4576**
13	VAZQUEZ MENDEZ SERGIO	***7043**



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

Segundo: Contratar, consonte á proposta da técnica de Emprego Local de data 16-01-2026 e ao abeiro do disposto no artigo 15.3 do E.T., para o posto de persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Ponteceso ao candidato núm. 10, **ROQUE CASTRO SOUTO**, con DNI ***0691**, o cal aceptou o chamamento e presentou a documentación esixida nas bases mediante escrito con rexistro de entrada núm. 202690000000063 de data 15-01-2026, como persoal laboral de duración determinada, coa categoría laboral de persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal, Grupo profesional IV, grupo cotización S.S. 8, **para substitución do traballador Antonio Barca López**, o cal se atopa na situación administrativa de suspensión de emprego e soldo, acordada pola resolución núm. 997/2025 do 20-12-2025.

A data de inicio do contrato será a do **26-01-2026**, finalizando en todo caso o contrato o día 13-06-2026, data de extinción da bolsa, ou no seu caso, na data de aprobación dunha nova bolsa resultante dunha nova convocatoria, a cal deixará sen vixencia a presente bolsa.

Establécese un período de proba de dous meses. As retribucións a percibir serán de igual contía que as do traballador substituído.

Terceiro: Notificar esta resolución ao interesado e ao coordinador de Seguridade, Emerxencias, Protección Civil e do Grupo de Emerxencias Supramunicipal, aos efectos oportunos.

Cuarto: Dar traslado ao interesado da instrución de Alcaldía aprobada pola resolución número 21/2026, de data 15-01-2026 así como do Documento Técnico de Xestión Operativa, Prevención e Normas do GES de Ponteceso (Versión Consolidada 1.00 – Xullo 2025) aprobado pola resolución da Alcaldía núm. 615/2025, de data 24 de xullo de 2025.

Quinto: Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado na data da sinatura electrónica polo alcalde, D. José Manuel Mato Martínez, ante min, o secretario en acumulación, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde,

José Manuel Mato Martínez

O secretario en acumulación

Francisco Javier Novoa J